



2ª EDICIÓN PREMIOS DE NOVO CIRCO GALEGO “MANU LAGO” 2025

Dende hai anos existía a necesidade de realizar un evento que convocase ao sector Novo Circo Galego, que servise para recoñecer o esforzo das súas profesionais, e que funcionase como escaparate para promocionar a calidade das súas propostas. O ano pasado, a APCG veu a cubrir ese valeiro creando a primeira edición dos Premios Manu Lago, uns galardóns específicos para o Novo Circo Galego, e que este ano lanzan a súa segunda edición.

MANUEL LAGO

Os Premios de Novo Circo Galego Manu Lago, honran a memoria do pallaso e malabarista Manuel Lago García, un dos artistas que máis fixo pola consolidación Novo Circo no noso país, tristemente falecido en 2017.

CATEGORÍAS

Nesta segunda edición de 2025 recoñeceranse as tres seguintes categorías:

- **Premio “Manu Lago” ao Mellor Espectáculo de Rúa:**

Outorgado ao mellor espectáculo de novo circo de rúa.

- **Premio “Manu Lago” ao Mellor Espectáculo de Sala:**

Outorgado ao mellor espectáculo de novo circo de sala.

- **Premio “Manu Lago” de Recoñecemento do Novo Circo Galego:**

Outorgado a algunha artista, compañía, entidade ou persoa para recoñecer a súa labor na visibilización, promoción e difusión do NCG.

GALARDÓNS

Cada unha das tres categorías serán premiadas cunha estatuíña que lembre a figura do artista de circo Manuel Lago, realizadas pola artista plástico Jose Perozo, e todas as finalistas recibirán un diploma acreditativo firmado pola directiva da APCG.

CONVOCATORIA

A convocatoria para a presentación de solicitudes para optar aos Premios de Rúa e de Sala estarán abertas a todas as artistas e compañías de circo galegas ou afincadas en Galicia, que queiran presentar as súas candidaturas.

Publicaranse as bases, os procedementos e o formulario para realizar o rexistro de candidaturas na páxina web da APCG, e realizarase unha ampla difusión desta convocatoria vía redes sociais e mailing para que chegue ao maior número de interesadas posible. Para o Premio de Recoñecemento, farase unha consulta ás socias da APCG, e despois serán debatidas as opcións entre a Comisión de Premios e a directiva da APCG para facer unha lista de candidaturas finalistas.



VOTACIÓNS

As socias da APCG decidirán, mediante **dúas roldas de votación**, as candidaturas gañadoras en cada unha das tres modalidades. Na primeira rolda escolleranse as tres finalistas por modalidade, e na segunda, votarase entre estas para determinar as gañadoras.

BASES:

1. Nun primeiro momento, abrírase unha convocatoria aberta e pública para postular os espectáculos que se presentan ás categorías de Rúa e Sala. Realizarase mediante un formulario, no que se pedirán datos sobre o espectáculo, compañía, ano de estrea, cartaz, fotos e algún enlace a video. A recepción das solicitudes será a través do mail premiosmanulago.apcg@gmail.com. O prazo estará aberto do 27 de xuño de 2025 ata o 27 de setembro de 2025.

PARTICIPACIÓN:

- Cada artista ou compañía, poderá postular cantos espectáculos desexa, (sempre que cumpran os requisitos) estando aberta a convocatoria tanto a artistas socias como non socias.
- Cada espectáculo só poderá presentarse a unha única categoría.
- Por compañía, só poderá resultar finalista un único espectáculo en cada categoría.

Teráanse en conta os seguintes REQUISITOS para cada categoría:

A/ Mellor Espectáculo de Rúa:

- Espectáculos ideados para a Rúa e que se realicen na rúa ou en espazos abertos.
- Da igual o ano de produción, pero que aínda circulen no 2025.
- De artistas galegas: ou nadas Galicia ou ben residentes en Galicia.

B/ Mellor Espectáculo de Sala:

- Espectáculos ideados para interior e que se realicen en teatros ou recintos pechados.
- Da igual o ano de produción, pero que aínda circulen no 2025.
- De artistas galegas: ou nadas Galicia ou ben residentes en Galicia.

C/ Recoñecemento á Labor na Promoción e Difusión do Novo Circo Galego:

- Entidades, asociacións, empresas, festivais, persoas ou compañías que levan a cabo unha labor fundamental e salientable ao longo da súa traxectoria para visibilizar e potenciar o sector do novo circo galego.



2. Abrirase unha 1ª Rolda de Votacións coa lista de todas as propostas:

- Incluirá todas as propostas recibidas.
- Enviarase un formulario por correo electrónico e por WhatsApp ás Socias APCG.
- Só poderán votar as socias da APCG.
- Cada socia poderá elixir ata tres opcións por categoría.
- A rolda estará aberta do 1 ao 20 de outubro de 2025.
- Das votacións sairán tres finalistas por categoría.
- Estas serán as nominacións para a seguinte fase.

3. Abrirase unha 2ª Rolda de Votacións, cos finalistas:

- Realizarase mediante un formulario online.
- O formulario enviarase por correo e WhatsApp.
- Só poderán votar as socias da APCG.
- Haberá que escoller unha única opción por categoría.
- As opcións serán as tres finalistas da 1ª rolda.
- Desta votación sairán as gañadoras dos Premios.
- Só se admitirá un voto por modalidade.
- Os votos deberán emitirse entre o 3 e o 20 de novembro de 2025.
- Fóra dese prazo, non se contarán os votos.

CRITERIOS DE VALORACIÓN:

- Temática orixinal e de actualidade ou que no momento da estrea tivera un impacto na sociedade.
- Calidade artística das interpretes e no manexo da técnica circense.
- Innovación e estudo da técnica circense.
- Creatividade, imaxen e plasticidade da peza.
- Percorrido da xira polo territorio.
- Impacto emocional ou sensorial
- Capacidade para emocionar, conmover, sorprender ou deixar pegada no público.
- Resposta do público
- Reaccións da audiencia: nivel de atención, participación, entusiasmo ou aplausos.

ENTREGA

A entrega de premios realizarase nunha gala denominada Circo de Inverno, o **30 de novembro de 2025 no Salón Teatro de Santiago de Compostela**. Un evento no que se contratará a un equipo de dirección artística e de produción, así como a un elenco de artistas, para realizar un espectáculo creado especificamente para a ocasión, e no que se fará entrega dos devanditos premios.



Asinan este documento, a Comisión dos Premios Manu Lago 2025:

Antón Coucheiro

A handwritten signature in blue ink, reading "Antón Coucheiro". Below the signature, the text "32 822 390 X" is printed in small letters.

Greta Mari

A handwritten signature in blue ink, reading "Greta Mari".

Isaac Rodriguez

A handwritten signature in blue ink, reading "Isaac Rodriguez".

En Santiago de Compostela a 8 de Xuño do 2025.